
GALICIA E A SOCIEDADE DAS NACIÓNS

Xulio Ríos



agra aberta
galaxia

GALICIA E A SOCIEDADE DAS NACIÓNS

1ª edición, 1992
1ª edición dixital, 2010

© Xulio Ríos, 2010

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2010
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-951-1

XULIO RÍOS

GALICIA E A SOCIEDADE DAS NACIÓNS

GALAXIA

O autor quere agradecer o apoio de tódalas persoas que dun xeito ou doutro colaboraron na realización desta investigación, e moi particularmente de Enrique Albor; Carlos Casares; Sergio Chaves; Xaime Isla Couto; Manoel Domínguez, Ricardo Sarmiento e demais amigos de Galiza Hoxe de Xenebra; e Lois Tobío.

LIMIAR

Neste libro faise unha exposición precisa, completa e documentada dun aspecto hoxe pouco coñecido do movemento galeguista: o que se refire á sua proxección cara o exterior. Os movementos nacionalistas áchanse expostos certamente a limitacións, deformacións e desnaturalizacións, e unha delas é a reclusión e a introversión que os pode levar a erguer valados e a pecharse, convertíndose en nacionalismos de campanario por un exceso de purismo. Ora, o nacionalismo galego non caeu nese erro coma ben se demostra nas páxinas que seguen. Recóllense aquí abondosas testemuñas de que o galeguismo sempre estivo aberto cara o exterior, no que pensaba que podía atopar exemplo e axuda, e moi especialmente naqueles países máis achegados a Galicia por un ou outro motivo.

Houbo, coma ben sinala o autor, unha atracción cara as nacións celtas, remanecida dos tempos románticos e do Rexurdimento nos que o celtismo viñera ser coma unha ideaforza. Hoxe está de moda en certos medios eruditos ollar cun certo sorriso de superioridade iso do celtismo galego; pero, por enriba e máis alá de tódalas especulacións, polo demais sempre provisionais, está o feito de que existe coma un sentimento, que chegou a arraigañar na xente do común, e que procede, inconscientemente quizais, dunha irmandade fonda nada dese mar mediterráneo-atlántico que une as puntas do

Occidente europeo e entre as que, desde a prehistoria, infindas singladuras puxeran en comunicación.

A outra proxección do galeguismo foi cara as outras nacións ibéricas e, en primeiro termo, Portugal, en tantas cousas irmáns, pero tamén cara Cataluña e Euzkadi que tiñan pendentes problemas semellantes, os de reclamar o autogoberno defronte ó Estado español. Esa relación terá a súa expresión na creación de Galeuzka, que haberá mesmo de ser anovada despois da guerra civil, no exilio arxentino.

Faise neste libro unha análise moi certeira e completa do tetrálogo do Partido Galeguista e moi especialmente de dous puntos que teñen dado lugar a controversia: o da universalidade e o do pacifismo. Tocantes ó primeiro, cabería preguntarse se os nacionalismos non irán contra a corrente xeral do mundo que camiña cara a unidade, a un maior intertroque de ideas e de cousas, a unha maior semellanza mesmo nos aspectos máis exteriores coma estamos a ver a cotío. Pero esta é unha visión unilateral da realidade, que é esencialmente dialéctica, pois no vivir do home —en paralelo coa acción-reacción do mundo físico— a un aumento e expansión da universalidade acompaña un aumento das singularidades, porque, ademais, o progreso é diversificación e non uniformidade.

O outro punto controvertido é o do pacifismo. Pregúntase se os nacionalismos, ó reivindicaren a propia personalidade, non poderán chegar a tomar unha actitude agresiva defronte ás outras nacións, sobre todo as veciñas, facendo xurdir así conflictos. Pero esquécese que as grandes guerras foron sempre promovidas polos imperios ambiciosos e dominadores e que, se mesmo algunhas comenzaron por choques ou incidentes entre pequenas nacións, eles nunca foron máis que pretextos para as grandes potencias poder dirimir os seus antagonismos.

A parte principal deste libro é a que se refire á eventual relación de Galicia coa Sociedade das Nacións. A información de primeira man que o autor utiliza nela é abondosa e interesante. Galicia, xa que logo, non podía entrar na Sociedade porque non era un Estado. En tal sentido, propoñer, coma o fixera a Asamblea de Lugo das Irmandades da Fala, en 1918,

o ingreso das nacionalidades ibéricas na Liga das Nacións, que andaban entón a xestarse, supuña un descoñecemento total do sentido e das orixes da institución proxectada. Pois, pesia ás declaracións idealistas e utópicas de Wilson, ó proclamar o principio das nacionalidades, todo o que se fixo, desde o deseño das novas fronteiras ata a propia Sociedade, non foi máis que a expresión das conveniencias e intereses dos vencedores para afianzar o seu triunfo. Nin vencidos nin neutrais tiñan alí nada que facer.

Cando comenzaron a xurdir as protestas contra o esquema establecido ó remate da guerra, que creara novos problemas nacionais ou agravara outros vellos, e malia os chamados Tratados de minorías, que non se cumprían, todo o que se fixo, para acalalas, foi crear, tardíamente, en 1929, o Comité das Minorías, formado polo Presidente do Consello de Seguridade e mais dous delegados elexidos por el, que habían determinar se debían ou non levar ó Consello as queixas que puideran presentar as minorías a traverso da Sección de minorías do Secretariado, a quen cumpría tamén recoller toda a información encol do tema. Pero a verdade foi que o Consello nunca quixo impoñer as súas decisións en disputas sobre minorías senón tratar de levalas polo vieiro da conciliación no que a potencia forte impuña adoito o seu criterio: quia nominor leo...

Non lles quedaba máis camiño ás nacionalidades sen estado e ás minorías non territoriais que crear organizacións non oficiais para loitar polos seus dereitos. O autor, sinala cales foron esas organizacións. Había o "Congreso de Nacionalidades Europeas", de carácter moderado e decidido a actuar dentro do dereito vixente, e a "Liga contra o Imperialismo e pola Independencia Nacional", de carácter activo e mesmo revolucionario. Pero Galicia non se adherira a ningunha das dúas, anque na Asamblea Nacionalista de Vigo, de 1921, acordárase estudiar os medios de chegar a unha acción común de tódolos nacionalistas do mundo.

En 1925 inícianse os Congresos das Nacionalidades Europeas, o primeiro en Xenebra coa participación dos representantes de vintesete grupos nacionais. Ríos expón con detalle as arelas que latexaban nestas xuntanzas tocantes á liberdade

das nacionalidades para desenrolar tódolos elementos da súa personalidade anque sen afectar á integridade do Estado de que formaban parte.

E foi no IX destes Congresos, celebrado en Berna en 1933 no que Galicia presentou unha extensa memoria sobre a súa realidade nacional e veu ser admitida. Con minuciosa e documentada información, obtida principalmente nos arquivos da Sociedade das Nacións, Ríos expón aquí o desenrolo daquel importante Congreso no que se proclamaron principios sustanciais relativos ó problema, pero no que xa apareceron os antagonismos que habían chegar a ser certamente graves máis adiante entre os intereses contrapostos dunhas e outras minorías e, de maneira especial, o que tiña que ver coa xudea. Por iso pensaba Castelao que non era alí onde o noso problema podía achar solución.

Libro de moito interese para a historia do galeguismo, supón unha valiosa contribución á nosa bibliografía histórica e merece ser lido, estudiado e meditado por tódolos galegos comprometidos co destino da súa Patria.

Madrid, febreiro 1992

Lois Tobío